

COMUNICADO 079/20 18 DE MAIO DE 2020

RECOÑECIMENTO DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DE GALICIA, DE AUTOMOBILISMO 2020:

D. Rubén Iván Ares Roel
D. Mauro Barreiro Zas
D. Roberto Blach Nuñez
D. Cándido Carrera Estevez

D. Adrián Díaz Pérez
D. Francisco López Rivas
D. Antón Muiños Miras
D. Jose A. Pintor Bouzas

TEAM MEDICAL GALICIA:

Os equipos médicos do Team Medical Galicia, da Federación Galega de Automobilismo, seguirán unhas pautas de control, en tódalas probas de automobilismo de Galicia, facendo "Check List" do material das unidades de SVA e/ou SVB presentes nos eventos que se organicen baixo a tutela e control da Federación Galega de Automobilismo; e así tamén velar por unha correcta asistencia dos equipos participantes, os siareiros, e os cidadáns da veciñanza por onde discorren os treitos cronometrados. O Team Medical Galicia velará pola sanidade, saúde e accidentes como premisa fundamental, para evitalas posibles consecuencias irreparables.

Continuando co control das pautas de actuación para o presente e futuro, suxerimos o seguinte: se falta material, nas ambulancias de transporte ou nas UVI móbil, estea caducado, ou estea avariado, o médico do Team Medical Galicia deberá recollelo nun documento (entregado pola Asesoría Xurídica da F.G.A.) e mesmo facer fotos para presentar o Comité Organizador da proba ou a F.G.A. a correspondente denuncia ante as autoridades sanitarias: no Departamento Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, por incumprimento da Lexislación Sanitaria vixente e do risco para a saúde das persoas, solicitando tamén se é preciso que se substitúa/n de inmediato esa/s unidades ou o material.

Noutro eido tamén controlárase o persoal das SVA e SVB para que se cumpra coa normativa actual de que son técnicos en emerxencias sanitarias con capacitación para traballar e asistir expresamente en unidades de SVB e/ou SVA.

Tamén solicitarase ao TES condutor da ambulancia, o documento de certificación técnico-sanitaria en vigor, documento emitido pola correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, da Xunta de Galicia, renovable anualmente que tamén indica se ambulancia é asistencial clase "b" (SVB) ou medicalizada clase "c" (SVA).

Moi importante: de detectar graves e inadmisibles irregularidades, dende a Federación Galega de Automobilismo suxerimos que de inmediato se solicite a presenza das FOP para que levanten atestado dos presuntos graves incumprimentos da lexislación, e que se lle comunique nos días seguintes a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, da Xunta de Galicia, desa zona, para que se proceda a tomalas medidas legais oportunas.

A F.G.A. creará un arquivo das empresas incumpridoras para non volver a permitila contratación das mesmas, e así non asumir as súas responsabilidades das súas negligencias.

Asumindo as nosas responsabilidades é a única maneira de rematar con estas actuacións e poder asegurar unha correcta asistencia a deportistas, siareiros e veciñanza.

Para facer un correcto "Check List" temos o material especificado no DOGA:

<http://www.tesgalicia.info/files/decreto-52-2015-transporte-sanitario-gl.pdf>

(comprobando o que levan as ambulancias tipo "B" de Soporte Vital Básico e as de tipo "C" de Soporte Vital Avanzado).

No decreto indícase tamén que "Todos os vehículos de matriculación posterior á entrada en vigor do Decreto 11/2011 deberán dispoñer de carrozaría de cor Euro Yellow RAL 1016".

No Anexo 1 están os recadros co material que teñen que levar.

No Anexo 2 están as características do persoal e a súa Titulación Oficial.

Con respecto á titulación, tal e como indicamos no punto 2, apartado c), hai que ter en conta que os TES (Técnicos en Emerxencias Sanitarias) que realizan entre outras as funcións de "Condutores" (TES condutor) ou "Axudantes" (TES asistencial), teñen que cumprir a lexislación actual, NON podendo ser traballadores das empresas de ambulancias que só están capacitados para traballar en ambulancias básicas non asistenciais que non poden facer urxencias: Técnicos en Transporte Sanitario TTS (ambulancias tipo "A1" ou tipo "A2").

Debido a que polo de agora non existe Colexio Profesional que emita un carné oficial que acredite a condición de "Técnico en Emerxencias Sanitarias", suxerímoslles que elaboren vostedes un documento no que se lle solicite ás empresas contratadas que identifiquen co nome, apelidos e nº de DNI aos TES que participen no evento, mediante declaración xurada na que certifiquen que o persoal é TES titulado e capacitado para traballar expresamente en ambulancias asistenciais de Soporte Vital Básico SVB e/ou de Soporte Vital Avanzado SVA (UVI). Aos médicos e DUEs, poden solicitarlle o seu carné profesional.